



DATOS IDENTIFICATIVOS

Proxectos Videográficos

Materia	Proxectos Videográficos			
Código	P01G010V01909			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo			
Coordinador/a	Alonso Romera, Maria Sol			
Profesorado	Alonso Romera, Maria Sol Valverde Garcia, Alberto			
Correo-e	alonso@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Desenvolverase, desde a exploración de materiais técnicos de captación e manipulación de imaxe, así como desde o desenvolvemento dun software con potencial interactivo, todo o poder intelecto-emocional dos novos procesos narrativos visuais xurdidos do contexto posmoderno, do auxe máis mediático e dos novos produtos de goce cultural. A partir de todo isto, expónse unha investigación dos elementos implicados en potenciar a comunicación coa obra como canle de comunicación coas formulacións do artista, é dicir, os dispositivos e técnicas expositivas e interactivas de nivel perceptivo e a creación e deseño de espazos de instalación e sostemento para as obras audiovisuais multimedia.

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
A16	Coñecemento das características dos espazos e medios de exposición, almacenaxe e transporte das obras de arte
A17	Coñecemento dos diferentes axentes artísticos e o seu funcionamento. Identificar os distintos intermediarios artísticos e as súas funcións na dinámica da arte e a súa metodoloxía de traballo
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
A44	Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores
A48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
B1	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B2	Capacidade de xestión da información.

B10 Capacidade heurística e de especulación para a resolución de problemas, a realización e novos proxectos e estratexias de acción.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento das tendencias estéticas actuais da arte nos medios técnicos.	A1 A5	
Coñecementos teóricos e prácticos da interactividade virtual en soportes multimedia e no espazo real.	A5 A7	
Coñecemento dos medios de exposición e difusión da obra audiovisual en redes telemáticas.	A16 A17	
Coñecemento das implicacións estéticas do soporte dixital na produción artística.	A5 A7	
Capacidade de aplicar os recursos propios do campo dixital ao desenvolvemento dun traballo artístico personalizado.	A19 A20 A21 A22	
Capacidade para a comprensión crítica da aplicación das novas tecnoloxías ao discurso artístico.	A2 A19 A20	
Capacidade para comprender o concepto de autoría no contexto dos sistemas de comunicación telemáticos.	A2 A8	
Habilidade no manexo de recursos informáticos na creación artística.	A42 A43 A44	
Habilidade para o desenvolvemento de proxectos multimedia.	A43 A44	
Habilidade na procura e/ou xeración de novas aplicacións informáticas específicas para a solución de problemas artísticos concretos.	A43 A44	B10
Habilidade para o uso de recursos dispoñibles na rede para a creación, difusión e exposición de obras de arte.	A48	B1 B2

Contidos

Tema	
Teóricos: nocións da idea de «cultura visual».	-Definicións da imaxe. -Virtualidade e zona píxel.
Teóricos: a configuración do ver.	-Mirar e visualizar. -Motivos visuais. -A pantalla e o papel do espectador.
Teóricos: dispositivos da imaxe.	-A dimensión espacial do dispositivo -A dimensión temporal do dispositivo. -A dimensión técnica, a subxectiva e a ideolóxica.
Teóricos: estudo dos elementos interactivos de comunicación. Varios tipos de soportes.	-Interactivo informático. -Webs. -Espazos físicos e ópticos (3D).
Prácticos: dispositivos de adaptación.	-Adaptación da tecnoloxía dixital de captura e reprodución de imaxe e son. -Elementos informáticos de adecuación ao espazo físico e virtual.
Prácticos: estudo e aplicación das diversas formas interactivas.	-Creación de proxectos interactivos teóricos e prácticos.
Prácticos: ferramentas e software de creación interactiva.	-Flash. -Processing. -Editores de vídeo dixital. -Programas de creación de estereoscopia.
Prácticos: estudo dos elementos técnicos e tecnolóxicos actuais para a adaptación en espazos interactivos.	-Aplicación de dispositivos de instalación e expositivos para obra multimedia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	21	0	21
Prácticas de laboratorio	10	15	25
Traballos de aula	21	52.5	73.5
Traballos tutelados	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral con apoio de documentación e sistemas multimedia. Exposición dos contidos da materia: exposición teórica dos conceptos relacionados coa idea de «cultura visual». Ontoloxía da imaxe e da mirada. Exemplos paradigmáticos de estratexias expositivas e dispositivos de instalación multimedia. Resolución de problemas prácticos. Toma de apuntamentos e exposición debatida destes. Modalidade: guiada. Presenza do/a docente e presenza obrigatoria do alumnado. Escenario: aula ordinaria. Sala de proxeccións.
Prácticas de laboratorio	Descrición: aprendizaxe práctica, mediante a simulación de casos, do manexo das ferramentas de creación (software de creación interactiva, estereoscópica e simulación 3D) implicadas no deseño de dispositivos audiovisuais de instalación multimedia e interactiva. Modalidade: guiada. Presenza do/a docente e presenza obrigatoria do alumnado. Escenario: laboratorio de audiovisuais.
Traballos de aula	Descrición: o alumnado, individualmente ou en grupo (5 alumnos máximo), desenvolve no aula o deseño e a realización, como obra final, dun proxecto de creación audiovisual no que se materializan conclusións investigadoras relacionadas con algunha das temáticas principais ou problemáticas audiovisuais desenvolvidas na materia. Modalidade: guiada, con seguimento do traballo e avaliación (tanto durante o proceso como o resultado final) e vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Traballos tutelados	Descrición: realizarase, individualmente ou en grupo (5 alumnos máximo), unha memoria do proxecto, xunto cun traballo de documentación, segundo guión previo achegado polos/as docentes implicados/as na materia. Modalidade: autónoma. O alumnado dispón de sesións de titoría para facilitar o seguimento do seu traballo por parte do/a docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Traballos de aula: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo de forma presencial; desenvólvese directamente na aula durante o tempo de presencialidade do alumno programado para este labor e, polo tanto, durante a realización do proxecto (obra audiovisual) que o alumno estea levando a cabo. Ten carácter teórico e práctico. Traballos tutelados: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo durante o horario de titorías fixado previamente polo/os/as docente/é. Ten carácter teórico e práctico. Desenvólvese de forma individual ou en pequenos grupos. Desenvólvese fóra da aula (despachos de profesor ou despachos de aula).
Traballos tutelados	Traballos de aula: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo de forma presencial; desenvólvese directamente na aula durante o tempo de presencialidade do alumno programado para este labor e, polo tanto, durante a realización do proxecto (obra audiovisual) que o alumno estea levando a cabo. Ten carácter teórico e práctico. Traballos tutelados: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo durante o horario de titorías fixado previamente polo/os/as docente/é. Ten carácter teórico e práctico. Desenvólvese de forma individual ou en pequenos grupos. Desenvólvese fóra da aula (despachos de profesor ou despachos de aula).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	A avaliación é continua durante o transcurso da materia. Valóranse, en especial, os seguintes aspectos: nivel de implicación persoal e investigadora no proxecto que se vai realizar; obtención de resultados efectivos e acordos á idea do proxecto; participación activa e seguimento da materia, así como a actitude no taller e a asistencia; manexo experimental das ferramentas e software de creación; interese e criterio personalizado nas distintas actividades de estudo, creación, participación e análise da materia. Estipularase unha data final de entrega do traballo e, a continuación, a publicación da súa cualificación final. Se a cualificación do traballo de aula acada o nivel de aprobado, será ponderada segundo o seu tanto por cento de valor, xunto á obtida co traballo tutelado e conformará así a cualificación final da materia. Se o alumno non consegue superar o nivel de aprobado e non realiza a entrega do traballo de aula que se estipula como proxecto práctico da materia, optará a presentarse, para aprobar a materia, aos exames da convocatoria de xullo.	70%

Traballos tutelados	<p>A presentación do traballo tutelado (memoria do proxecto xunto co traballo de documentación), ao final do cuadrimestre (estipularase unha data final de entrega), é obrigatoria para todo o alumnado.</p> <p>Valorarase: a documentación manexada; as conclusións alcanzadas e a súa formalización no proxecto audiovisual multimedia da materia (traballo de aula); a elaboración dunha estrutura textual (estilo de escritura, argumentación e organización do texto, vocabulario e ortografía) de calidade. A achega de material gráfico e a presentación (maquetación e deseño).</p> <p>A non presentación do traballo teórico escrito (traballo tutelado) restará o 30% á cualificación obtida no traballo de aula.</p>	30%
---------------------	---	-----

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda convocatoria (xullo):

O alumnado deberá presentar un proxecto audiovisual propio (obra final), segundo os mesmos parámetros que se transmitiron e impartiron na materia. Este proxecto deberá realizarse ata a data da convocatoria baixo titorización dalgún ou todos os docentes da materia e, polo tanto, os profesores deberán coñecer o proceso de realización deste traballo e saber que será presentado como resultado para avaliar na segunda convocatoria da materia (xullo). Para isto, o alumnado deberá manter contacto, nos horarios de titorías que se estipulen, cos profesores implicados.

Xunto co proxecto audiovisual (obra final), o alumno deberá presentar unha memoria do proxecto, ademais dun traballo de documentación do tema que aborde e sirva como base de investigación do seu proxecto, segundo o mesmo tipo de guión que previu que se estipulase na materia.

A cualificación obtida como nota final da materia valorarase da seguinte maneira: proxecto audiovisual (70%); memoria do proxecto+traballo de documentación (30%).

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 1 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

<http://www.youtube.com> (palabras claves: Espacio interactivo, ADA, Arduino, Processing, 3D, Estereoscopia, Espacio de Relación, Open frameworks.),

<http://www.google.com> (palabras claves: Espacio interactivo, ADA, Arduino, Processing, 3D, Estereoscopia, Espacio de Relación, Open frameworks.),

<http://www.arduino.cc>,

<http://processing.org/exhibition/>,

<http://www.openframeworks.cc/>,

AUMONT; J., **La imagen**, Paidós,

DARLEY; A., **Cultura Visual Digital**, Paidós Comunicación,

GONZALEZ LOBO; MARIA A. y CARRERO LOPEZ; E., **Manual de planificación de medios**, Esic,

Recomendacións